

Comentarios no [blog do ies Sánchez Cantón](#) no curso 2007-2008

1. O libro gustoume moito e pareceume moi interesante, porque mentres o leas podes gozar da novela e ampliar os coñecementos sobre diversos temas: a sexualidade, as enfermidades de transmisión, os anticonceptivos, o embarazo, a homosexualidade, etc. Ademais, é unha moi boa fonte de información, no que nos axuda resolver problemas, xa que moitas veces non nos atreveríamos a preguntar estas cousas á xente maior ou aos nosos pais e aínda que o preguntásenos non saberían explicárnolo ben e darnos unha resposta clara e segura. Por iso, penso que é un libro moi útil, xa que trae moi ben informado, con ideas claras e consellos importantes e interesantes aos que debemos prestar atención para previr acontecementos indesexables. E para rematar, penso que o libro mereceu a pena lelo e convén que o lean todas aquelas persoas que teñen dúbidas sobre o tema, sobre todo ás rapazas e ós rapaces, xa que son os máis necesidades teñen. **(Xiling)**

2. O libro pareceume realmente moi interesante, porque trata temas que si interesan aos adolescentes de hoxe día: o racismo, a sexualidade, os anticonceptivos, as enfermidades de transmisión sexual, a homosexualidade... A autora foi capaz de facer que, toda esa información combinada con dúas historias de amor-amizade por parte de Carlota, así como as experiencias das súas amigas, formaran unha posta en escena dos problemas e preguntas que se nos poderían propoñer nalgún momento, pois, hoxe en día falar da sexualidade empeza a ser un pouco máis común pero aínda non de todo, segue sendo un tema incómodo. Por todo o que expliquei penso que debería de ser un libro que tanto rapazas como rapaces deberían aproveitar e aprender léndoo. **(Paula)**

3. O diario vermello de Carlota pareceume un libro moi interesante en tódolos aspectos; tanto a historia como os capítulos de información, que son moi útiles para os adolescentes, fixéronse moi entretidos. Trata de todo tipo de temas: sexualidade, homosexualidade, prostitución, falsos mitos, anticonceptivos... Ademais paréceme unha boa decisión intercalar capítulos das experiencias de Carlota con capítulos informativos, así o libro faise máis ameno. Tamén me pareceu curioso a naturalidade que ten Carlota para falar de eses temas ata con a dependenta da librería, cousa que hoxe en día aínda non pasa, pero que debemos aprender da protagonista porque á fin son cousas naturais. En definitiva, creo que este libro deberían ler tanto mozos coma mozas, xa que todos poden sentirse identificados con ese tipo de dúbidas. **(Teresa)**

4. O libro ten unha forma moi sinxela e natural de explicar todo sobre a sexualidade feminina e despexar as dúbidas entre unhas amigas máis ou menos da nosa idade. E sorpréndese dos tabús que había antes sobre o período, as relacións... Cando comentaban e preguntaban á nai, á avoa... (xa que a nada lle chamaban polo seu nome.) Gustoume lelo ademais nalgún caso síntome identificada. **(Fátima)**

5. A verdade pensaba que me ía gustar máis. Comecei a ler o libro con moita ilusión e ao principio parecíame estupendo, sen embargo, a medida que ía avanzando xa non me chamaba tanto. Aínda así, creo que o libro, en xeral, está ben escrito. Con respecto aos personaxes teño que dicir que os que máis me gustaron foron Flanagan e a veciña de Carlota, Laura. O primeiro, desde o principio, espertou a miña curiosidade e as ganas de saber máis sobre el. A segunda, Laura, parecíame unha rapaza do máis divertida, moi ben informada e sempre disposta a axudar no que faga falta. Unha das cousas que máis me gustou foi que puiden resolver dúbidas ou preguntas para as que non tiña resposta. Nalgunhas situacións sentíame identificada con Carlota, cos seus pensamentos ou coas súas accións. Neste sentido pareceume moi interesante. Sen embargo, teño varias pegas. Ás veces, creo que hai exceso de información. Por exemplo, no capítulo no que se fala dos métodos anticonceptivos, dedícanlle arredor de once páxinas a falar de cales son eses métodos, as súas vantaxes, os seus inconvenientes, as instrucións de uso, etc., dunha maneira moi técnica, e desta forma, faise moi aburrido. Entendo que a finalidade do libro sexa informar, pero poderíase facer de maneira máis amena. Outro aspecto que quería destacar é que en moitas ocasións aparecen preguntas ou afirmacións que, ao meu parecer, son moi obvias. Por exemplo, no capítulo no que se fala da homosexualidade, pregúntase se unha xinecóloga pode axudar a un homosexual. Nese sentido, encontro a pregunta bastante ridícula, xa que sabemos que as xinecólogas non se dedican a iso. En resumo, esperaba un pouco máis do libro e polo que me dixeron penso que o de Flanagan vaimos gustar máis. **(Andrea)**

6. Este libro gustoume tanto pola temática como pola forma de contalo. Gustoume pola temática porque, aínda que hoxe en día temos moita información á nosa disposición, moitas veces non nos atrevemos a preguntar. Así, con este libro, temos todas as respostas. O que non me gustou é que ás veces ten demasiada información, como ocorre cos métodos anticonceptivos, que hai varios que nós aínda non podemos empregar, polo que creo que se debería centrar máis neses; ou outros que apenas trata, como a prostitución e a violación. Gustoume pola forma de contalo porque é moi amena, non como a maioría das charlas que nos dan, que moitas veces entran por un lado e saen polo outro. En resumo, gustoume moito e recoméndollo a todo o mundo. **(Teresa)**

Este libro gustoume moito xa que fala sobre temas moi interesantes. Con este libro aprendín moitas cousas que antes descoñecía acerca de temas de sexualidade, métodos anticonceptivos, enfermidades de transmisión sexual, etc. Ademais paréceme que está moi ben estruturado xa que combina toda esta información cunha historia que a min particularmente gustoume moito. Toda a información que aparece é moi útil e axuda a os adolescentes. Ademais a información é moi clara e sinxela de comprender. En resumo a principal cousa que destacaría deste libro é a boa información que proporciona. **(Paula)**

8. O libro está moi ben, sobre todo porque ten un gran contido de información moi interesante, ademais de útil. Tamén se fai entretido porque non só se limita a ser un simple libro de información, senón que ademais conta unha historia relacionada co tema, que lle pode pasar a calquera. A forma é moi orixinal. Por outra banda encántame a personalidade da rapaza: preséntanselle unha serie de dúbidas e non ten ningún reparo en preguntalas a quen sexa co fin de resolvelas. É unha rapaza que sabe moi ben o que quere, aínda que ás veces, como é normal, teña dúbidas. **(Enma)**

9. O *Diario vermello de Carlota* paréceme un libro moi interesante polos temas que toca e que normalmente non se fan en casa nin nos documentamos ben, senón que intentamos informarnos por fontes menos fiables. Pareceume interesante comparar os dous libros: como contaban as cousas que lles pasaban, como escriben os seus diarios. Creo que aí se ve moi ben a diferenza de escribir e tomarse o diario entre Carlota e Flanagan. O detalle do libro que máis me gustou foi o final cando Carlota chama a Flanagan e ... **(Darío)**

10. O diario de Carlota pareceume un libro moi interesante pois trata temas de actualidade sobre toda sexualidade (embarazos, enfermidades, homosexualidade, prostitución, agresións sexuais...etc). E ademais de ter datos conta a historia da rapaza as súas preguntas, as súas vivencias, as súas dúbidas entre dous amores, a primeira relación... Da datos e cifras sobre o que hai que ter en conta como as consecuencias que pode traer non usar anticonceptivos, a xente que lle gusta a xente do seu mesmo sexo, a prostitución... Tamén é a convivencia coas respectivas parellas dos seus pais separados, co seu irmán pequeno, as amizades... Non me esperaba o final. Sorprende a personalidade de Carlota que non ten apuros en falar de temas como a sexualidade con quen sexa; que non presenta vergoña... **(Itziar)**